

14 Ribeira Sacra nos Decanter World Wine Awards

En febreiro de 2020 a **D.O. Ribeira Sacra** acudía por primeira vez a **Decanter**, facíao na área "Wines from Galicia", a través do IGAPE. Este ano os viños da D.O. Ribeira Sacra volveron estar presentes obtendo grandes resultados nos premios **Decanter World Wine Awards**, outorgados polos mellores expertos en viño de todo o mundo; o que fai que os premios gocen da confianza internacional.

Dos 14 viños recoñecidos por Decanter na D.O. Ribeira Sacra obtén a maior puntuación, **Vacamulo (2017) de Don Bernardino**, 97 puntos que lle dan un recoñecemento **Platinum**, dos 3 que recibiron os viños con denominacións de orixe galegas. Recibe un ouro con 95 puntos, **Melanio (2017) de Don Bernardino**. 9 pratas son para:

- **Ruxe Ruxe** Mencía (2019) de Tolo do Xisto
- **Regina Viarum** Mencía (2021) de Regina Viarum
- **Don Bernardino** (2020) de Don Bernardino
- **Finca Mezquita** (2016) de Don Bernardino
- **Rectoral de Amandi** Mencía (2021) de Rectoral de Amandi
- **Finca Cuarta** (2021) de Rubén Moure Fernández
- **Finca Ladeira** (2021) de Rubén Moure
- **A Costa** (2019) de Rubén Moure Fernández
- **Capricho de Godello** (2020) de Adega Ponte Da Boga

E reciben bronce:

- **Tx Os Coventos** (2019) de Tolo do Xisto
- **Ibio** (2017) de Don Bernardino
- **Matilda Nieves** Mencía (2021) de Rectoral de Amandi